

PLAN DE IMPULSO E CONSOLIDACIÓN DAS COMPETENCIAS DIXITAIS COMO APOIO Á DOCENCIA PRESENCIAL NO SUG CURSO 2020-2021

Índice

1. Introducción	2
2. Base normativa	3
3. Eixes do plan	4
3.1. Planificación académica	5
3.2. Infraestruturas ligadas á docencia	6
3.3. Formación en competencias dixitais	6
4. Programación: fases	7
5. ACSUG	8
6. Convenios de financiamento	9
ANEXOS	11
Anexo I. Comisión de seguimento	11
Anexo II. Plan sanitario. Centros seguros	12

1. Introducción

A declaración do estado de alarma o día 14 de marzo de 2020 por mor da expansión da COVID-19, e a conseguinte suspensión da actividade docente presencial e o peche de centros acordados polas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, abocou as universidades galegas á necesidade de adoptar plans de continxencia que permitisen continuar, co menor menoscabo posible, as súas actividades docentes, investigadoras e de xestión a través de procedementos telemáticos.

A evolución favorable da pandemia e o levantamento progresivo das medidas de confinamento permiten albiscar a posibilidade de retomar a actividade presencial nas universidades no curso 2020-2021. Non obstante, é máis que previsible que durante o curso próximo, ou, cando menos, durante unha boa parte del, esta actividade presencial vai estar fortemente condicionada pola necesaria adopción de medidas de distanciamento social como medida de prevención fronte ao eventual xurdimento de novos brotes. Por outra banda, a experiencia adquirida despois deste proceso de adaptación brusca debe servir para que as universidades adopten toda unha serie de medidas de carácter organizativo, formativo e técnico que lles permitan reforzar as súas capacidades para poderen enfrontar novas situacións de emerxencia e, ao tempo, para complementaren e fortaleceren, nunha situación de normalidade plena, os seus sistemas de ensino presencial.

Por estas razóns, as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo consideran necesario elaborar un Plan de impulso e consolidación das competencias dixitais como apoio á docencia presencial no SUG cos seguintes obxectivos:

- Estar en condicións de enfrontar un previsible escenario de “presencialidade con distanciamento social”, no que será preciso combinar ferramentas e metodoloxías de ensino presencial e non presencial.
- Ter capacidade para responder eventuais novos períodos de suspensión da actividade presencial como consecuencia da aparición de novos brotes da enfermidade.
- Reforzar e potenciar o aproveitamento de metodoloxías e ferramentas dixitais como apoio á docencia presencial en situacións de normalidade plena.
- Poder implantar modalidades de ensino non presencial ou semipresencial no futuro naquelas titulacións en que as universidades así o consideren.

Con estes obxectivos xerais, formúlase este plan de actuacións, que se sustenta nos seguintes **principios básicos**:

- a) **Carácter presencial das Universidades públicas que compoñen o SUG.**
Este réxime presencial resulta compatible coa incorporación de xeito estrutural de solucións non presenciais que están chamadas a xogar un dobre papel: por unha banda, como complemento da actividade presencial en situacións de normalidade; por outra, como solución excepcional diante de situacións extraordinarias, como o confinamento vivido neste curso 2019-2020.

- b) **Autonomía das Universidades**, principio básico do ensino superior que se manifesta na capacidade de cada Universidade para definir, dentro do marco normativo de aplicación, a súa organización académica, tanto nos aspectos docentes como de avaliación.
- c) **Xeneralidade, transversalidade e flexibilidade na súa implantación**. As accións propostas neste plan, na medida en que contan co consenso sobre o seu impacto positivo na calidade do ensino universitario, deben ser de aplicación a todos os centros e a todas as titulacións de grao e de mestrado do SUG, se ben deben ser o suficientemente flexibles para atender a heteroxeneidade de cada unha delas.
- d) **Gradualidade na implantación**. Os cambios substanciais que a incorporación dalgunhas destas medidas levan consigo e que dependen da dotación de equipamentos, de cambios normativos e organizativos, pero moi especialmente da formación das persoas responsables da súa aplicación nos distintos ámbitos, requiren unha implantación gradual, que ocupará varios cursos académicos.
- e) Promoción dun **papel máis activo do estudantado** no proceso de aprendizaxe e dun maior **protagonismo da avaliación continua**, como eixes do plan Bolonia no que se enmarcan os actuais plans de estudos.
- f) O necesario papel da Xunta de Galicia como **promotora da cooperación** entre as universidades galegas, mediante o establecemento, financiamento e seguimento de programas conxuntos de actuación.

Partindo destes principios, este plan pretende aproveitar a experiencia forzada deste curso para dar un salto adiante e así consolidar algúns cambios estruturais na docencia, incentivando ás Universidades e ao seu persoal a avanzar un paso máis no camiño, iniciado xa hai tempo polo noso sistema universitario coa súa integración no EEES, de que o alumnado constitúa o centro do proceso ensino-aprendizaxe, e de que todo se faga con calidade demostrada.

Os axentes deste plan son, ademais das propias Universidades, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que promove o presente plan a través da súa Secretaría Xeral de Universidades, a ACSUG e outros organismos e entidades que poidan colaborar no seu desenvolvemento e implantación. Para o seguimento do plan constitúese unha comisión coa composición recollida no Anexo I.

2. Base normativa

O artigo 46.2 d) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades reconece o dereito do estudantado á publicidade das normas das Universidades nas que se regulen a verificación dos seus coñecementos, é dicir, garante o acceso ao programa de cada materia e aos criterios que servirán para avaliar e cualificar a cada un deles.

O Estatuto del Estudiante Universitario, aprobado por Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, recolle especificamente os dereitos de todo alumno e alumna universitario a unha formación académica de calidade, que fomente a adquisición das competencias que correspondan aos estudos elixidos e inclúa coñecementos, habilidades, actitudes e valores; a ser informado das normas da Universidade sobre a avaliación; e a unha avaliación, sempre que sexa posible continua, baseada nunha metodoloxía activa de docencia e aprendizaxe.

A nivel galego, e na mesma liña que a normativa estatal, a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, no seu artigo 104, inclúe entre os dereitos do estudantado os de recibir unha formación de calidade; ser informados e informadas correctamente do contido dos plans de estudos e da forma de superar as distintas materias que formen parte deles; e ser avaliados e avaliadas obxectivamente no rendemento académico a través de métodos e criterios que se farán públicos con antelación, garantindo a existencia de sistemas de revisión.

Pola súa banda, as tres Universidades galegas recollen tamén de maneira detallada nos seus estatutos ou en diversa normativa interna os dereitos e deberes do estudantado, entre os que, obviamente, está o de dispor dunha programación axeitada do curso. Especialmente relevante neste eido é o Decreto 13/2019, de 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo (DOG, 22-02-19), ao incluír no artigo 64, dentro dos dereitos do alumnado, o de ser avaliado en réxime de avaliación continua e a dispor como alternativa de probas de avaliación global.

Sobre esta base normativa e para atender a situación excepcional derivada da suspensión da actividade docente presencial e do peche das instalacións como consecuencia do estado de alarma, a Xunta de Galicia ditou instrucións para unha docencia non presencial de calidade. Pola súa parte, as Universidades, por medio de Resolucións Reitorais e de acordos dos seus Consellos de Goberno, regularon tanto aspectos relacionados coa docencia non presencial como mecanismos de avaliación tamén excepcionais.

O marco normativo descrito nos parágrafos precedentes permite cubrir as medidas que forman parte deste plan, sen prexuízo de que sexa conveniente introducir no futuro as modificacións precisas na normativa de aplicación, a fin de darlles cobertura expresa, á marxe de calquera circunstancia sanitaria excepcional.

Todas as modificacións e innovacións que se introduzan na docencia en aplicación deste plan chegarán ao alumnado a través da guía docente de cada unha das materias que forman parte dos plans de estudos das titulacións de grao e mestrado.

2. Eixes do plan

O conxunto do plan de medidas que se propón organízase en tres eixes fundamentais:

- a) Planificación académica: accións a levar a cabo en materia de docencia e avaliación.
- b) Infraestruturas: accións referidas aos equipamentos necesarios para a implementación destas medidas.
- c) Formación en competencias dixitais dos distintos colectivos que participan no plan.

3.1. Planificación académica

O principal apartado do plan ten que ver coa planificación académica, parte visible da Universidade perante o alumnado, destinatario principal destas medidas. Tendo isto en conta, así como as condicións nas que se deberá afrontar o labor docente durante o curso 2020-2021, faise necesario que as Universidades definan uns criterios e requisitos de planificación académica para as súas **titulacións presenciais** de grao e mestrado, que inclúan para todos os centros aspectos como os seguintes:

- Previsión de tres escenarios posibles de actividade docente:
 - Docencia presencial.
 - Docencia mixta presencial e non presencial.
 - Docencia exclusivamente non presencial.
- Activación a través do Campus Virtual de cada universidade de todas as materias.
- Habilitación de vías de comunicación non presencial co estudantado a través das aulas virtuais.
- Previsión de titorías tanto presenciais como non presenciais.
- Acceso *online* á totalidade dos recursos materiais necesarios para obter a máxima cualificación nunha materia.
- Elaboración de materiais adaptados especificamente á docencia non presencial.
- Medidas de fomento da avaliación continua.
 - Calquera materia deberá poder aprobarse con anterioridade ao exame final, en caso de habelo. A tal efecto, o exame final, de existir, non debería acadar un valor superior ao 40% da cualificación total.
 - O sistema de avaliación continua incorporará un conxunto de actividades que faciliten a avaliación ao longo de todo o período lectivo.
- Previsión dun sistema de avaliación alternativo á avaliación continua, atendendo á decisión do estudantado. A cualificación final máxima posible debe ser a mesma independentemente do sistema de avaliación elixido.
- Establecemento de criterios de avaliación uniformes para os distintos grupos dunha mesma materia.
- Adopción de sistemas alternativos de avaliación, por motivos de forza maior, para actividades de campo, laboratorio e prácticas en xeral.

- Non previsión de exames finais nos sete días posteriores aos períodos non lectivos de Nadal e Semana Santa.
- Nos períodos de non presencialidade, no caso da docencia síncrona, débense gravar as sesións e poñelas a disposición do alumnado o antes posible para que as persoas que teñan problemas de conectividade, de dispoñibilidade limitada de equipos informáticos ou de conciliación coa vida familiar poidan acceder a elas en diferido.

3.2. Infraestruturas ligadas á docencia

As actuacións descritas no apartado precedente relativas á planificación académica non se poden implementar con garantías de éxito sen ter en conta a necesidade por parte das Universidades de acometer investimentos materiais que permitan desenvolver a docencia mixta ou, de ser o caso, a docencia non presencial en condicións similares á docencia presencial.

Así, a implementación do plan recollido neste documento requirirá a posta en marcha de melloras nas infraestruturas existentes na actualidade nas tres Universidades do SUG, en ámbitos como os seguintes: a mellora das aulas informáticas dos centros, a adquisición de *hardware* e de programas informáticos especializados, simuladores e calquera outro material alternativo ás actividades prácticas presenciais contidas nas guías docentes, a mellora da capacidade e das funcionalidades das plataformas de docencia virtual, a adquisición de manuais en formato electrónico que poidan estar dispoñibles nas aulas virtuais para todo o estudantado, como complemento aos exemplares físicos que poden consultar nas bibliotecas etc.

Outra cuestión esencial é a posibilidade de seguimento da docencia virtual por parte do alumnado. Deben preverse, xa que logo, as medidas oportunas que permitan atallar de maneira inmediata os casos de fenda dixital que se detecten.

Por último, é preciso ter en conta, así mesmo, as necesidades que poidan ter as Universidades relacionadas coa difusión e a promoción *online*, como poden ser a xeración de *leads* ou a creación de contidos multimedia orientados a diferentes soportes, dende textos e imaxes para anuncios até publicacións en redes sociais e noticias na web.

3.3. Formación en competencias dixitais

Un requisito fundamental do plan presentado neste documento é o da formación en competencias dixitais dos distintos colectivos que participan, dun xeito ou doutro, nas actuacións recollidas nos apartados anteriores, PDI, PAS e estudantado.

O estudantado deberá contar con servizos de apoio para a adaptación ao entorno virtual de xeito que estean cubertas tanto as súas necesidades pedagóxicas como as tecnolóxicas e de soporte administrativo.

Polo que se refire ao PDI, é necesario acometer a nivel básico, e polo tanto transversal, un plan de formación de formadores orientado a que todo o profesorado adquira as destrezas necesarias para desenvolver adecuadamente o seu labor docente nun escenario probable de semipresencialidade ou de non presencialidade. Ademais de posuír os coñecementos técnicos propios da materia a impartir, o profesorado debe contar, independentemente da área de coñecemento á que pertenza, con formación actualizada en tecnoloxías aplicadas á innovación docente que lle permita poñer en práctica no desenvolvemento da súa actividade metodoloxías novidasas adicionais ás que se empregan de forma habitual na modalidade de docencia presencial e que permitan ao estudantado acadar o conxunto de competencias previsto nas memorias das titulacións.

Outro aspecto fundamental no plan de formación é o da creación ou reforzo dun equipo de asesoramento experto en desenvolvemento de materiais para a formación *online*.

4. Programación: fases

As circunstancias fan que este plan teña que poñerse en marcha con pouca bagaxe de experiencia e cuns prazos moi axustados, debido á proximidade do inicio do curso académico 2020-2021. Por este motivo, o plan estrutúrase en diferentes fases, que inclúen as correspondentes avaliacións para detectar e corrixir posibles desviacións dos obxectivos marcados:

1ª) Fase de preparación: xuño-setembro 2020

Tras a experiencia acumulada nos dous meses de docencia impartida en modalidade non presencial por causa da COVID-19, así como nos correspondentes procesos de avaliación do alumnado, é posible identificar unha serie de necesidades inmediatas que se deben afrontar para comezar o próximo curso minimizando as eivas motivadas polo inesperado e abrupto do cambio de modalidade docente realizado.

A identificación destas necesidades, seguramente coincidentes en gran medida nas tres universidades, debe abordarse desde a consideración da heteroxeneidade que supón a realidade de cada unha delas e dos seus centros e titulacións. Partindo desta realidade, contéplanse medidas a dous niveis:

- **Nivel básico:** que define actuacións necesarias en todos os centros de cada unha das universidades e que, polo tanto, teñen carácter transversal.

- **Nivel de intensificación:** ao que poderán adherirse voluntariamente titulacións de cada universidade, sexan de centros propios ou adscritos, para avaliar durante o vindeiro curso algunhas medidas orientadas á consecución de obxectivos adicionais concretos no ámbito do presente programa, como pode

ser a implantación en cursos vindeiros dunha modalidade semipresencial, que complemente á modalidade presencial.

Neste período deberanse prever as medidas a implantar, tanto de carácter transversal como asociadas aos plans de intensificación que se definan para determinadas titulacións, asinar os acordos de financiamento que procedan, así como levar a cabo á modificación e publicación das guías docentes que recollan a incorporación das medidas do plan.

2ª) Fase implantación: curso 2020-2021

No curso 2020-2021 deberán comezar a implantarse, de xeito progresivo, as medidas que forman parte do plan nas diferentes titulacións de grao e mestrado, atendendo á situación de cada unha delas.

3ª) Fase de avaliación: xuño-setembro 2021

No tempo comprendido entre a finalización do período lectivo do curso 2020-2021 e o comezo do curso seguinte, as Universidades procederán a avaliar as medidas adoptadas dentro deste plan durante o curso 2020-2021. O resultado deste proceso de avaliación permitirá redefinir as medidas do plan de cara á consolidación daquelas experiencias que resultaran positivas nos cursos seguintes.

4ª) Fase de consolidación: curso 2021-2022

Nesta fase consolidaranse as experiencias avaliadas positivamente na fase anterior. En caso de que se estime oportuno outorgarlles a esas experiencias carácter permanente nalgúñas titulacións, será preciso poñer en marcha actuacións de carácter normativo, tanto a nivel autonómico como interno das Universidades, así como procesos de modificación das memorias das titulacións afectadas, de ser necesario.

5. ACSUG

No remate do presente curso académico 2019-2020, foi necesario realizar adaptacións dos procedementos docentes e de avaliación, contidos nas guías docentes das materias, á nova situación de docencia non presencial e de avaliación preferentemente non presencial e continua.

O procedemento que se estableceu basébase en dous aspectos:

- a comunicación ao alumnado no prazo máis breve posible
- o envío documental dos cambios tanto á SXU como á ACSUG.

O obxectivo era dar seguridade xurídica ao alumnado e profesorado dando validez de facto aos cambios introducidos respecto á memoria verificada, e, doutra banda, deixar constancia en forma de evidencias, do alcance deses cambios para a posterior avaliación e seguimento pola axencia de calidade, tanto nos informes de seguimento do título como nunha posterior acreditación.

Dado o escaso tempo para o comezo do curso académico 2020-2021, faise necesario establecer un dobre procedemento que garanta ao máximo, novamente, os cambios que centros e materias adheridos ao programa poidan precisar.

Os centros aprobarán os cambios nas guías docentes de acordo co calendario e o formato aprobado por cada Universidade. Estes documentos terán a consideración de addendas á memoria do título, e enviaranse con esa data límite tanto á SXU como á ACSUG.

No curso académico 2021-2022, as Universidades porán en marcha mecanismos internos de avaliación para garantir que todas aquelas titulacións que desexen integrar definitivamente na memoria do título as medidas contempladas no plan acadan os estándares de calidade necesarios para solicitar, se é preciso, a modificación do título, seguindo o procedemento e as datas establecidas polas Universidades e a SXU.

Así mesmo, a CGIACA valorará, a maior brevidade, a posibilidade de considerar a participación do profesorado universitario no plan de transformación docente como un mérito relevante na valoración para percibir o complemento retributivo autonómico correspondente.

6. Convenios de financiamento

As accións previstas neste plan requiren a integración de actuacións de carácter financeiro xunto a aquelas relativas aos ámbitos docente, tecnolóxico e de avaliación descritas en apartados anteriores.

As Universidades deberán presentar unha relación xustificada de gastos e investimentos directamente relacionados coas accións recollidas no plan, que se incluírán dentro dos convenios que a SXU asinará con cada unha delas, antes do comezo do vindeiro curso académico.

Nunha primeira aproximación, a listaxe de gastos elixibles incluíría os seguintes:

Formación e asesoramento: Traballos de deseño e planificación:

- Plan formativo
- Material docente, manuais

- Definición de contidos e o seu desenvolvemento
- Realización de contidos

Gastos de infraestruturas:

- Adaptación de espazos docentes (aulas, seminarios e laboratorios)
- Tecnolóxica: Recursos dixitais; equipamentos; material inventariable; conectividade

Gastos de persoal para reforzo de certas necesidades

Promoción e difusión

Os convenios contarán cunha comisión de seguimento que validará a marcha dos plans financiados.

ANEXOS

Anexo I. Comisión de seguimento

O seguimento, avaliación e melloras de todas as accións do plan correrá a cargo dos membros dunha comisión integrada por representantes de todas as institucións participantes no mesmo.

Esta comisión reunirse periodicamente, segundo avancen as etapas previstas. Examinará as evidencias presentadas, solucionará as dúbidas e supervisará o desenvolvemento futuro, en cada momento, das medidas contempladas no plan.

Os membros desta comisión serán os seguintes:

- Pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:
 - Carmen Pomar Tojo, conselleira.
 - José Díez de Castro, secretario xeral de Universidades.
 - Beatriz Soutelo Ferro, subdirectora xeral de Universidades.
 - M^a Jesús Tallón Nieto, subdirectora xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria
- Pola Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia (ACSUG):
 - Eduardo López Pereira, director.
- Polas Universidades do SUG:
 - María José López Couso, vicerreitora de Titulacións e Captación Internacional da Universidade de Santiago de Compostela.
 - Nancy Vázquez Veiga, vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente da Universidade da Coruña.
 - Manuel Ramos Cabrer, vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado da Universidade de Vigo.

Anexo II. Plan sanitario. Centros seguros

A pandemia da COVID-19 está a ter inevitables consecuencias no comportamento cotián da nosa sociedade. Neste contexto, resulta, por tanto, imprescindible aprobar plans de prevención e hixiene en todos os centros universitarios que garantan que as súas instalacións se poidan considerar como centros seguros.

Trátase, sen dúbida, de medidas de carácter transversal e, polo tanto, todas elas de nivel básico, que deben estar activas no momento en que se inicie o curso académico 2020-2021 e que deben respectar os protocolos ditados polas autoridades sanitarias.

Dentro deste plan de saúde e hixiene deben contemplarse dúas liñas principais de actuación:

- Elaboración dos correspondentes **plans de prevención**:
 - Plan de prevención para **situacións de normalidade**. Tendo en conta as recomendacións da administración sanitaria, cada Universidade deberá aprobar os seguintes plans:
 - Plan xeral para toda a Universidade.
 - Plans específicos para cada Centro.
 - Plans especiais para outras instalacións: laboratorios, deportivas, culturais, residencias etc.
 - Plans de continxencia diante de **situacións excepcionais**. No suposto de que se produzan rebrotes ou outras circunstancias que requiran medidas excepcionais, deberán adoptarse as medidas adecuadas aos requirimentos das autoridades sanitarias, adaptando, no seu caso, os plans xerais.
- Plan de acopio do material necesario (EPIs, material de prevención, limpeza e hixiene) para dar cumprimento aos plans de prevención de cada centro, así como calquera outra medida que poidan ditar as autoridades sanitarias dende o mesmo inicio do curso.